



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 07/11/2009.

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. José Serafín Gudín Sabín.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e tres minutos do día seis de novembro de dous mil nove, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinteito de setembro do presente ano dous mil nove. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.

Infórmase ó Pleno das últimas resolucións da Alcaldía, xa reflectidas nas actas das últimas sesións da Xunta de Goberno Local das que se teñan entregadas copias a tódolos concelleiros, e do proxecto de convenio coa empresa ferroviaria FEVE, que ven xestionando a Alcaldía, para a cesión ó Concello de dependencias ubicadas na estación de Silvalonga, para



a realización de actividades formativas de carácter medioambiental, relacionadas principalmente coa enerxía solar.

Os concelleiros presentes quedan enterados destes asuntos.

TERCEIRO. APROBACIÓN DE NORMATIVA PARA USO DO XIMNASIO MUNICIPAL.

Dase conta detalladamente polo Concelleiro responsable da área de deportes, Sr. Soto, da proposta de “normativa reguladora do uso do ximnasio municipal”, redactada por el e que recolle o réxime de utilización desa instalación e os dereitos e deberes dos seus usuarios, con exclusión dos aspectos económicos, xa recollidos na correspondente ordenanza fiscal, recentemente modificada. O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Bedoya interven para manifestar a conformidade do grupo do PP coa proposta, que consideran lóxica e axeitada ás necesidades da instalación deportiva de que se trata, lamentando por outra banda que a superficie final da mesma sexa algo escasa.

O Sr. Márquez toma a palabra de seguido para indicar que a proposta está na liña das normas vixentes noutros concellos e que a instalación mellora claramente a existente con anterioridade.

Explica tamén o Sr. Soto que o proxecto orixinal era máis espacioso, pero que a existencia dunha liña eléctrica na zona obrigou a reducir a superficie útil que, aínda así, se considera que pode ser suficiente.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar inicialmente a normativa de que se trata, ordeando a realización dos trámites necesarios para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

CUARTO. ACORDOS SOBRE PERMUTA DUN TRAMO DUN CAMIÑO PÚBLICO.

Dase conta do expediente de desafectación dun tramo dunha vía pública municipal, sita no lugar de Colado, da parroquia de Santa Mariña do Monte, para a súa posterior permuta por un terreo privado e para posibilitar así o cambio de trazado desa vía pública, expediente iniciado a instancia dos propietarios dunha finca colindante á que perxudica o actual trazado, que pasa moi preto da súa vivenda. Obrán no expediente os informes emitidos ó respecto pola arquitecta municipal e polo secretario, relativos á identificación e valoración dos espazos públicos e privados afectados e ó procedemento a seguir para atender as solicitudes de que se trata. O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar inicialmente a desafectación do uso público do tramo de camiño público de que se trata, identificado na documentación gráfica obrante no expediente, ordeando a realización dos trámites necesarios para a realización da permuta solicitada coa brevidade posible.



QUINTO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Bedoya comeza preguntando polas xestións realizadas para tratar de incorporar á sinalización horizontal da estrada AC-862, no lugar de Outeiro, cerca da rotonda existente, algúns pasos de peóns demandados por moitos veciños. O Sr. Alcalde resposta que se fixeron tódalas xestións posibles, e que a satisfacción desa demanda parece difícil desde o punto de vista técnico, pero que próximamente vaise iniciar unha actuación de novo aglomerado nesa estrada, e que nese momento se tratará outra vez de dar solución a este asunto. O Sr. Bedoya di que noutros lugares de características moi semellantes existen eses pasos. O Sr. Gudín interven para explicar que se pediron por escrito varios pasos de peóns nesa zona, e que hai varias razóns técnicas e legais que parecen impedilo, aínda que podería existir unha posibilidade reducindo a velocidade máxima no tramo urbano desa estrada.

A seguinte pregunta do Sr. Bedoya é a que corresponde unha factura aprobada na Xunta de Goberno do 2 de novembro, dunha viaxe a Santiago. O Sr. Alcalde resposta que corresponde a unha viaxe a Santiago, para asistir a unha manifestación en defensa do idioma galego, e pregunta ó Sr. Bedoya porqué ten a acta dunha Xunta de Goberno aínda non aprobada. O Sr. Bedoya di que el soamente ten as actas que se lle entregan nas oficinas, que ese non é o asunto, porque esa información tiña que chegarlle antes ou despois, e que a manifestación de que se trata foi contra o actual goberno da Xunta. O Sr. Alcalde di que a finalidade pode ser discutible, pero hai acordos do Pleno nos que se mencionaba a participación neste tipo de actos.

Pregunta de seguido o Sr. Bedoya polo horario de presenza na Casa do Concello da conselleira Sra. Muiño, que segundo algúns veciños non se atopa habitualmente nesas dependencias. O Sr. Alcalde di que esa concelleira ten un horario flexible, que adica ó Concello un mínimo de oito horas e que hai que ter en conta que é muller traballadora e nai e que este Concello ten aprobado un plan de igualdade; que ven cando pode e se precisa, que ten perfectamente atendidas tódalas súas responsabilidades cobrando moito menos do que cobraba o Sr. Bedoya cando era Alcalde e que non se sabe de ninguén que viñera ó Concello e non poidera falar con ela.

O Sr. Bedoya interven novamente para clarear que non se trata dunha cuestión persoal, senon dunha simple pregunta, que o seu grupo non ten nada en contra da Sra. Muiño, e que se fai o traballo sen vir polo Concello, a el parécelle ben.

A Sra. Muiño interven por alusións para dicir que ela traballa con persoas e ten fillos, que ven ó Concello alomenos dúas mañás cada semana e que ninguén que o desexase deixou de falar con ela, polo que a pregunta lle parece malintencionada.

O Sr. Bedoya insiste en que se trata dun tema político e referido exclusivamente ó cargo, non persoal, pero que o Concello está aboando unha retribución que ten que ter unha contrapartida.

Pregunta de seguido o Sr. Bedoya pola utilización do novo logotipo na sinalización vertical que se está a instalar en moitos núcleos, concretamente pola causa de que se esté



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

poñendo en lugar do escudo oficial do Concello, que di que preocupa a moitos veciños. Pregunta tamén se hai algún informe xurídico sobre este asunto.

O Sr. Alcalde di que non se pediron informes porque non se considerou preciso e porque o escudo non se cambiou nin está previsto facelo de momento, explicando que o logo ven dun estudo de imaxe corporativa realizado, explicando a simboloxía que o autor dese logo tratou de reflectir nel. Di tamén que o Concello tiña almacenadas moitas sinais sen instalar de cando o Sr. Bedoya era Alcalde, que a nova sinalización está a corrixir moitos erros ortográficos da anterior e que esa actuación foi unha das demandadas polos veciños no orzamento participativo do ano pasado.

O Sr. Bedoya interven para indicar que o escudo municipal será unha aberración, pero foi o aprobado legalmente, insistindo na disconformidade de moitos veciños e indicando que a súa pregunta aínda non foi respostada. Di tamén que o presuposto participativo é únicamente para dar unha imaxe de moita democracia, pero sen efectividade algunha e cunha dotación económica escasa, e que a empresa asesora neste tema o ano pasado levou tanto como algunha parroquia. Remata decindo que cando as propostas do grupo de goberno son razoables, o seu grupo as secunda, como se pode comprobar polos resultados de moitas votacións, pero que tamén teñen a obriga de transmitir a forma de pensar dos veciños ós que representan.

Interven de seguido o Sr. Varela, para dicir que o escudo non se substitúe, que o logo é outra cousa, unha representación do que quere transmitir ou vender o Concello. O Sr. López Gudín toma a palabra de seguido para dicir que o escudo é casi igual que o de Cedeira, que o PP utilizouno indebidamente nalgunha campaña electoral e que ten referencias relixiosas e connotacións de submisión propias doutros tempos.

O Sr. Bedoya replica que a historia non se pode cambiar, que unha boa parte do noso patrimonio monumental ten unha orixe relixiosa e que tamén os castelos como o de Naraío son símbolos de submisión, polo que non se trata en absoluto de defender ideas do pasado.

Finaliza o debate o Sr. Márquez, que di que o escudo representa ó Concello, mentres que o logo representa ó actual grupo de goberno e pode ser modificado posteriormente, polo que son cousas distintas, ámbalas dúas legais e para as que se deberá establecer un réxime de utilización. O escudo é permanente e o anagrama comercial é de carácter temporal.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e trece minutos, redactándose a presente acta para a debida constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,